

ASOCIACIÓN CULTURAL EIRA VELLA

A actividade externa da AC Eira Vella comezou o 14 de abril, coincidindo coa conmemoración da II República e lembrando un ano máis ás vítimas betanceiras da represión do 36. Ese día foron colocadas unhas flores na entrada do Museo das Mariñas a carón da placa de homenaxe que a propia Asociación promoveu e que é unha réplica da placa existente no Centro Betanzos de Buenos Aires que recolle os nomes das 33 persoas asasinadas como consecuencia do levantamento militar fascista.

O programa continuou o 13 de maio cunha conferencia no marco das actividades en torno ao Día das Letras Galegas dedicado ao intelectual galeguista Ramón Piñeiro. Esta conferencia foi impartida pola profesora Mercedes Queixas, secretaria da Asociación de Escritores en Lingua Galega e autora do libro Ramón Piñeiro, A expresión cultural dunha estratexia política.

O 22 de maio, presentouse no Salón Azul do Edificio Liceo o facsímile da obra Mariñanas (Retábulo Betanceiro) e a primeira edición do poema Cantiga da lembranza, ámbolos dous da autoría do segrel Xosemaría Pérez Parallé. Tanto Mariñanas como Cantiga da lembranza participaron nos Xogos Florais que se viñan celebrando en Betanzos, quedando a primeira como finalista no ano 1960, e gañando a segunda o primeiro premio ao ano seguinte. A presentación das obras en Betanzos correu a cargo de Xesús Torres Regueiro, principal impulsor da súa recuperación, e contou coa colaboración dalgúns nenos do CEIP Vales Villamarín de Betanzos que prestaron as súas voces aos poemas de Mariñanas.

O 30 de maio foi presentado no salón de actos da obra social de Caixa Galicia o poemario Elemental da autoría de Gabriela Rodríguez. O acto foi presentado pola secretaria da AC Eira Vella, Pilar Vázquez, e contou coa presenza na mesa da poeta Olga Patiño Nogueira e de Daniel López, responsable da versión audio de Elemental. Miguel Fernández foi o encargado do apartado musical, con temas propios e acompañando as versións dalgúns dos poemas do libro.

No mes de xuño, concretamente o día 13 no Salón Azul, presentouse o número 27 da Xanela. Este número contou coas colaboracións no apartado de creación literaria de Xoán Carlos Domínguez Alberte, Fernando Díaz-Castroverde, Olga



Patiño Nogueira e Gabriela Rodríguez García. A creación artística puxérona Sabela Arias, Víctor Tizón e Luís Otero. No apartado de letras de Portugal, Eduardo Olímpio, João de Castro Nunes, Fernando Botto Semedo, Antonio de Santos Silva e Cândido da Velha deixaron os seus versos nas páxinas da Xanela. A sección O noso patrimonio permitiu o achegamento á parroquia de San Xurxo de Queixeiro da man de Xosé María Veiga Ferreira e Juan Sobrino Ceballos. Manuel B. Dans interrogouse sobre que foi da Santa Compañía e Clodio González Pérez recuperou as láminas nas que Cano e Olmedilla reproduce unha parella betanceira do século XVIII, permitindo así coñecer como vestían as mulleres e homes da comarca naquela época. Non faltou espazo para ecoloxía no que Antón Fafián Porto asinou o artigo «Do Sigre a Sogama pasando por



Danigal», para o folclore da man de Moncho do Orzán que se adentra nos arquivos de Cántigas da Terra e para a música por parte de Xosé Luís Sobrino, que nos achegou aos novos cantautores asturianos. No apartado Viaxeiros puidemos visitar as Mariñas de Pérez Lugín, cunha reprodución do seu artigo A banda de Panchón. A Xanela tampouco podía esquecer o centenario do poeta Xosemaría Pérez Parallé e a figura de Ramón Piñeiro, galeguista ao que se lle dedicaron as Letras Galegas do ano 2009. A revista reproduciu o artigo publicado por Piñeiro en Olladas do futuro en 1972 baixo o título O menosprezo social da lingua, ademais de dous dos seus textos editados en publicacións betanceiras. O número 27 da Xanela pechouse con Baraxeiro e a súa recompilación de novas publicacións.

O acto de presentación da Xanela foi acompañado da música de Xoán Curiel, que presentou os temas do seu primeiro disco de estudio Nai.

No mes de setembro Eira Vella botou unha ollada cara a arte. Do 15 ao 30 a Sala de Exposicións do Edificio Liceo acolleu obras da serie «paisaxe cotiá» de Sabela Arias, pinturas e esculturas que a autora agrupou baixo o título de diario. A exposición pretendía botar unha ollada reveladora aos obxectos que forman parte da vida cotiá como elementos definidores da mesma.

O 20 de novembro Eira Vella viaxou a Fene para participar no programa de actos do XXII Premio Nacional de Poesía Xosemaría Pérez Parallé, convidados polos Círculo Mercantil e Industrial Unidade de Fene. A participación da asociación concretouse na presentación de Mariñanas e Cantiga da lembranza nun acto no que interviñeron o Presidente do Círculo, José Rivera Ruibal, a presidenta de Eira Vella, Gabriela Rodríguez García e Xesús Torres Regueiro, socio fundador de Eira Vella e responsable da recuperación das obras presentadas que,



seguindo a liña da presentación en Betanzos, fixo un achegamento á vida e obra de Xosemaría Pérez Parallé.

O ano de actividades pechouse coa presentación do número 28 da Xanela o 12 de decembro na que se puido escoitar ao grupo Cantata Vernacula, formado por Suso Vaamonde e Xoán Porto. Dentro do novo número da revista non faltou o apartado de creación ao que asomaron as súas



letras Marica Campo, Fernando Díaz-Castroverde, Paulo Martínez Lema, Maxi Rei, Gabriela Rodríguez e Olga Patiño Nogueira, acompañados dos traballos artísticos de Sabela Arias, Olaia e Luís Otero. Sabela Arias ademais agasalounos con unha das súas breves historias sobre Icíá e a avoa e non faltou a súa cita coa viñeta Víctor Tizón. No apartado de Letras de Portugal contamos coa colaboración de Idalécio Cação, Fernando Botto Semedo e Cândido da Velha. Pola súa banda Xulio Rozados asinou o artigo Cinco poetas na Cañota. A sección O noso patrimonio serviu para Xosé María Veiga Ferreira e Juan Sobrino Ceballos nos achegasen á parroquia de Santa María de Sarandóns. Manuel B. Dans centrouse nesta ocasión no tema da toponimia, explicándonos o significado e a orixe do topónimo de Sada. En Memoria do 36, Xesús Torres Regueiro, lembra as figuras de Villaverde e Palacios, alcaldes que foron vítimas da represión. Na sección Historia, Manuel Pérez Lourenzo asinou un artigo sobre José Somoza Eiris e Ramón Suárez Picallo («o mestre aos ollos do alumno»). Pola súa banda, Felipe-Sené López Gómez lembrou o centenario de Manuel Chamoso Lamas (1909-1985) e a súa relación con Betanzos. No apartado de Folclore, Moncho do Orzan recuperou a a figura de Xosé Cardelle Portos e na sección Viaxeiros, ofrecéusenos a segunda parte de As Mariñas de Pérez Lugín. A revista pechouse co seu habitual apartado musical a cargo de Xosé Luís Sobrino e As novas que nos chegan da man de Baraxeiro.

Xunta Directiva.

CONSERVATORIO MUNICIPAL DE MÚSICA (GRAO ELEMENTAL)

Na sala de xuntas do conservatorio municipal de música, o día 29 de setembro de 2008, reúnese o claustro de profesores a fin de ultimar os preparativos do novo curso 2008-2009.

Na mesma data, mantense unha primeira xuntanza por parte da dirección e do profesorado cos pais do alumnado, coa finalidade de informalos da posta en marcha do novo curso e tratar xa de concretar os horarios dos diversos instrumentos. A data do comezo do curso 2008-2009 queda fixada para o día 1 de outubro de 2008.

O número de alumnos matriculados, incluído os de iniciación á música foi de 104, distribuídos nos seguintes cursos:

Iniciación á música.....	21
1º L.O.E.	25
2º L.O.E.	19
3º L.O.E.	16
4º L.O.E.	23
TOTAL	104

As materias regradas que se imparten son:
 LINGUAXE MUSICAL (1º,2º,3º, e 4º L.O.E.)
 EDUCACIÓN VOCAL (1º,2º,3º, e 4º L.O.E.)

INSTRUMENTOS:

VENTO-MADEIRA :(Clarinete, Frauta traveseira, Saxofón e Oboe.)



Veiga

VENTO-METAL : (Trompeta, Trombón, Trompa e Tuba.)

CORDA FREGADA : (Violín, Violoncello e Contrabaixo.)

GUITARRA E BANDURRIA.

PERCUSIÓN.

PIANO.

O número de profesores e de 7.

CONCERTO DE ILUSIÓN

Tivo lugar o domingo 28 de novembro de 2008 ás 20:30 horas da tarde na Igrexia de San Francisco.

Neste concerto, a cargo da Banda Municipal de Música, entraron a formar parte da mesma once novos integrantes, alumnos do noso conservatorio:

PAULA FERNÁNDEZ GARCÍA (Trompa)
 ALEJANDRO COSTOYA SÁNCHEZ (Tuba)
 MARTA RÍO REY (Frauta traveseira)
 PABLO PAZOS GARCÍA (Trompeta)
 ALBERTO FRAGA SEOANE (Saxofón)
 DANIEL PENA DOCAMPO (Clarinete)
 CARLA BLANCO MIRAZ (Violoncello)
 CLAUDIA LÓPEZ GARCÍA (Percusión)
 CLARA VEIGA RILO (Saxofón)
 LUÍS TEIJO PAZ (Clarinete)
 MIGUEL MEJUTO BLANO (Saxofón)

CONCERTO DE NADAL

Previsto para o 27 de decembro de 2008, tivo que ser posposto inevitablemente e celebrouse

o Domingo 11 de xaneiro ás 20:00 horas na Igrexia de San Francisco, intervindo a Banda Municipal de música xunto co Coro de alumnos do Conservatorio, sendo do agrado do numeroso público asistente.

CONCERTO DE FIN DE CURSO

O domingo 28 de xuño de 2009, na Aula Municipal de Cultura, celebrouse o concerto de Clausura do curso 2008-2009 coa participación da maioría do alumnado. Presenciando o acto as autoridades municipais e numeroso público asistente que recoñeceron o acto con grandes aplausos polo esforzo, dedicación e calidade amosada polos intérpretes.

A Dirección.

ESCOLA MUNICIPAL DE FOLCLORE

Dentro da Escola Municipal de Folclore desenvolvéronse varias actividades ó longo do curso escolar: grupos de aprendizaxe de bailes tradicionais, gaita, percusión (bombo, tamboril, pandeiro, castañolas,...), pandeireteiras-cantareiras e agrupación instrumental.

Durante o curso de actividades 2008-2009, dende o día 3 de outubro do 2008 ata o día 13 de xuño do 2009 impartíronse clases todo-os luns, mércores, venres e sábados das semáns lectivas; e con un total de 211 participantes, sendo o seu reparto o que segue:

Grupos de baile tradicional: 112 asistentes.



Grupos de gaita: 33 asistentes.

Grupos de percusión tradicional: 19 asistentes.

Grupos de pandeireiras-cantareiras: 36 asistentes.

Agrupación instrumental: 11 asistentes

Estas actividades docentes foron impartidas por 5 profesoras/es, un de cada especialidade.

Aparte da actividade docente, e como mostra e estímulo para os seus membros, a Escola durante o ano realizou actuacións e participou en diferentes certámes, tanto como Escola, cos seus diferentes grupos correspondentes as actividades que nela se desenvolven, como a traveso do Grupo Azougue.

Tamén se organizaron outras actividades, e o resumen do feito nestes eidos durante o ano 2009, e de forma breve é o que segue:

Maio:

Día 1: Pola mañá: «Os Maios en Betanzos».

Pola tarde: asistencia de diversos grupos da Escola, no Día da Muíneira de Cee, e participación do Grupo Azougue no concurso na categoría de grupos de baile onde acadou o primeiro premio.

Día 10: Participación na Festa do Viño de Betanzos do Grupo Azougue e a Escola Municipal con varios grupos de baile.

Día 16: Colaboración coa Asociación Cultural «Torres de Tallo» da Bugalleira en Ponteceso, no Día das Letras Galegas

Día 23: Dentro do Programa das Letras Galegas organizado pola Concellería de Cultura, Educación e Deporte, a Escola Municipal de

Folclore participou cantando os maios na conferencia «os Maios en Betanzos actividade arredor desta tradición», impartida por Belén Mato Corral profesora de pandeireta da Escola, desenvolto no Salón Azul do Edificio Liceo.

Xuño:

Día 13: Actuación de tódolos grupos, tanto de baile, de música, de pandeiretas da Escola, incluída a agrupación instrumental e o Grupo Azougue, na clausura do curso da Escola Municipal de Folclore, que se desenvolveu na Aula Municipal de Cultura do Edificio Liceo.

Día 19: Actuación da Escola e do Grupo Azougue na sardiñada/churrascada organizada pola Asociación de Veciños e Veciñas Rosalía de Castro.

Día 20: Actuación do grupo Azougue nas festas de Tiobre.

Día 21: Actuación do grupo Azougue nas festas de Piadela.

Xullo:

Día 4: Colaboración coa Asociación de Vecinos de Serantes – Laxe, nas festas Patronais de Serantes.

Día 7: Actuación na praza da Constitución no encotro folclórico desenvolto dentro das actividades de intercambio co grupo italiano de Coleppasso (Italia).

Día 11: Actuación do Grupo Azougue na X Feira Franca Medieval de Betanzos.

Día 26: Organización do Festival do «Día de Galicia» na Praza García Irmáns, coa actuación dos seguintes grupos:

Grupo Folclórico «Principado» de Lugones-Asturias.

Grupo de Danzas Familia Castellana de Miranda de Ebro (Burgos).

Grupo Azougue da Escola Municipal de Folclore de Betanzos.

. Día 27: Actuación do grupo de música tradicional da Escola na festa/churrascada da parroquia de Requián.

Agosto:

. Días 14, 15 e 16: Participación da Escola Municipal de Folclore e do Grupo Azougue nas Festas Patronais de Betanzos «San Roque 2009».

. Día 17: Festival Folclórico en Betanzos. Encontró entre a cultura tradicional canaria e a galega que tivo lugar na Praza García Irmáns, no que participaron o Grupo «Azougue» e o grupo canario «Agrupación Folclórica Entre Amigos.»

. Día 24: Actuación do Grupo Azougue na Romería de San Paio.

. Días 29 e 30: Viaxe a Plasencia (Cáceres) do Grupo Azougue para participar no festival folclórico Ciudad de Plasencia.

Setembro:

. Día 12: Viaxe a Chafé en Viana do Castelo (Portugal), para participar nun Festival Folclórico

. Día 13: Actuación do Grupo Azougue na III Festa da tortilla de Betanzos.

Outubro:

. Día 10: Actuación dos profesores da Escola na inauguración do matadoiro

Decembro:

. Día 19: Dentro do XXVII Programa de Festexos do Nadal e Aninovo, a Escola Municipal de Folclore participou organizando un breve concerto de panxoliñas, desenvolto no árbore de nadal e no Belén Móvil do Edificio Liceo.

. Día 27: Dentro do XXVII Programa de Festexos do Nadal e Aninovo, a Escola Municipal de Folclore participou na xornada de convivencia coa Terceira Idade na Residencia de Anciáns García Hermanos.

Ó largo do ano desenvolvéronse varias colaboracións co Liceo Internacional Agarimo, no programa «Ruta Cultural de Galicia», con talleres de música e baile galego

Betanzos, 28 de febreiro de 2010.

A directora da Escola Municipal de Folclore de Betanzos

ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS E DE CONSUMO «LIAFAIL»

A muller, e en concreto a muller rural, é unha garantía para o equilibrio territorial, ó mesmo tempo que o soporte esencial da diversificación das actividades económicas.

A muller rural desenrola a súa vida en varios aspectos ou ámbitos: como traballadora das labores do campo, como encargada da alimentación e cuidado da familia, como educadora, administradora, artesana, representante de comunidades, etc.

Desde a nosa asociación pretendemos cumprir o obxectivo de formar a estas mulleres á vez que ofrecerlles actividades de ocio, nunha situación de igualdade con respecto ás mulleres que non pertencen ó mundo rural, producíndose así unha continua confraternización entre ámbalas dúas. Ó longo do ano 2009 tiveron lugar as seguintes actividades:

Artísticas e culturais:

Pintura ó óleo, taller de Cestería, Taller de Labores, Taller de bolillos, Taller de Manualidades, Obradoiro Infantil de Inglés, bailes de salón,.

Ademáis, como tódolos anos, tamén participamos na Feira Franca Medieval con un posto gastronómico e exhibición de taller de bolillos por parte dalgunhas das nosas socias, así como nas tradicionais procesións de Semana Santa.

Conferencias:

Celebráronse diversas conferencias atendendo ós temas de actualidade e as demandas das nosas socias, contando cunha ampla participación. Unha delas foi «A Gripe A». Pero tamén houbo outras que ofreceron gran interese, como «charla sobre o servizo de quiromasaxe».

Visitas culturais:

Viaxe Vilanova de Arousa.

Viaxe a Ponte de Lima

Viaxe ó Cebreiro e Samos

Viaxe a Valencia.

Viaxe a Coimbra

Confraternidade:

Cena – Aniversario no mes de febreiro.

Servicios Sociais:

En Decembro, como en anos anteriores, levamos a cabo a Operación Quilo-Litro na que se recolectaron alimentos para doar ás familias máis



Concerto conmemorativo do 40 aniversario da Coral de Betanzos, coa actuación conxunta das corais de Miño, Pontedeume, Sada e Betanzos, o día 7 de marzo de 2009, na igrexa de San Francisco.

desfavorecidas do concello.

Varios:

Asistencia a divesos programas da T.V.G.

Festa Infantil de Navidad, na que os máis pequeniños recibiron a Papá Noel.

Festa Infantil de Antroido, na que os nenos disfrutaron dunha tarde de ledicia.

Festa do Marisco

Festa do Magosto

Lotería. Como tódolos anos puxemos á venda a lotería das «Mulleres Rurais» coa intención de repartir ilusión ás socias.

Festa «Fin de Ano» para celebra-lo fin de ano en compañía das nosas socias na que se degustaron produtos típicos do nadal.

Xunta Directiva.

**AGRUPACIÓN MUSICAL
«CARLOS SEJO»**

ACTIVIDADES:

Concierto el día 15 de mayo en el Aula de Cultura de Betanzos, en la presentación del libro *Apuntes históricos de la ciudad de Betanzos*, de Manoel Lousa Rodríguez.

Concierto de fin de curso en el aula de Cultura con los alumnos de las clases el día 26 de junio. Participación en la Feria Medieval los días 10, 11 y 12 de julio con la instalación de un puesto. Participación el día 13 de agosto en el *Concerto Cidade de Betanzos* junto a la Coral Polifónica y a la Banda Municipal de música.

Celebración el día 30 de noviembre del XXX Aniversario, actuando como invitada la Agrupación Musical Arousa de Villagarcía.

Actuación en Villagarcía el día 19 de Diciembre en el Liceo Casino invitados por la Agrupación Arousa.

Concierto de navidad de los alumnos de las clases el día 23 de diciembre.

Participación el día 27 de diciembre en la jornada de convivencia en el asilo de ancianos

Xunta Directiva.

CORAL POLIFÓNICA DE BETANZOS

O 2009 e o ano do 40 aniversario

A Coral, neste ano, realizou unha ampla actividade musical e organizou numerosas e variadas actividades culturais e sociais. Todo esto se debe, claro está, en primeiro lugar, á ilusión e ó esforzo da Xunta Directiva e Compoñentes, ó sacrificio e comprensión dos familiares dos coralistas, ó apoio e axuda desinteresada dos socios, á colaboración de entidades oficiais, públicas e privadas, e a asistencia ós actos de numeroso público.

Todo o realizado durante o ano 2009, pódese resumir en dous apartados: Actuacións musicais e actividades culturais e sociais.

Durante este ano realizáronse 39 ACTUACIÓNS MUSICAIS: 24 en Betanzos e 15 en distintas vilas e cidades de Galicia: Aranga, Arteixo, A Coruña (2), Laracha, Matamá (Vigo), Muxía, Pontevedra (2), Rianxo, Valdoviño, e doutras Comunidades Autónomas: Castañar (Béjar), Mérida, Villamartín de la Abadía (Ponferrada), Villaviciosa (Asturias).

A ACTIVIDADE CULTURAL E SOCIAL pódese considerar moi positiva, tanto polos

actos realizados, como pola numerosa asistencia de público, especialmente socios.

Realizáronse 60 actos. Pódense destacar: a Asemblea Xeral Ordinaria; a Xunta Directiva reuniuse en 10 ocasións; participouse na Asemblea Xeral Ordinaria da Federación de Círculos e Casinos Culturais, na Asemblea Xeral Ordinaria de FE CO GA, e na Asemblea de Caixa Galicia, en representación das Entidades Culturais. Duhna maneira especial conmemorouse o 40 aniversario da Coral e organizouse o Festival Santa Cecilia, en honor á Patroa da Música; e participouse no «II Festival Internacional de Cine Documental» das Mariñas XÓN (Xanela o Mundo), organizado polo Concello de Betanzos.

Organizáronse 3 Encotros de Corais, 2 Intercambios Culturais, 2 Exposicións, 2 obras de Teatro, unha película de Cine e varios documentales, varios Concertos de Corais, Banda de Música, Grupos musicáis de Cámara, Folk, música popular galega... Realizáronse 3 viaxes culturais a lugares de interese histórico, cultural e monumental, con guías especializados: unha de 4 días, por Extremadura; outra de 2 días por Asturias; e outra viaxe de un día, polas vilas da Costa da morte.

Os Compoñentes da Coral reuníronse en varias ocasións, ademáis dos ensaios, para conmemorar acontecementos tradicionais, como o Aniversario, Entroido, Festa do pemento, Festas Patronais, Magosto, Santa Cecilia, Nadal e Aninovo.

A Coral obsequiou a todos os participantes con recordos conmemorativos, e tamén foi obsequiada con recordos conmemorativos nas actuacións que realizou fora de Betanzos.

ACTUACIÓNS E ACTIVIDADES REALIZADAS EN 2009

16 xaneiro: Betanzos. Local Social. Asemblea Xeral Ordinaria. As actividades comencan coa Asemblea Xeral da Coral que, conforme ós Estatutos, ten lugar no mes de xaneiro. A reunión comeza coa lectura, por parte do Secretario, da acta da última Asemblea Xeral Ordinaria.

Pola Presidencia faise unha exposición das actuacións e actividades realizadas durante o pasado ano.

Por parte do Tesoureiro preséntase o exercicio económico do ano anterior. A continuación procédese a elección de Presidente, saíndo reeleixida Lourdes Vázquez Gómez.

23 xaneiro: Betanzos. Local Social da Coral:

Elección da Xunta Directiva. A Presidenta Lourdes Vázquez Gómez, nomea ós Compoñentes que van formar a Xunta Directiva: Vicepresidenta M^a del Carmen Álvarez Alonso, Secretario, Elías Martínez Martínez, Tesoureiro Ángel Fernández García, vogais Isabel Faraldo Gómez, Lucita González Suárez, Julia Insua Díaz e M^a Teresa Suárez López, continuando como Director Musical, Manuel López Castro. Acórdase nomear á Presidenta, Lourdes Vázquez Gómez como representante da Coral para as relacións co Concello de Betanzos, ó Director Musical, Manuel López Castro, para as relacións coa Xunta de Galicia, e á Vicepresidenta, M^a del Carmen Álvarez Alonso, para as relacións coa Deputación de A Coruña. Tamén se fai a programación dos actos que se van realizar no mes de marzo con motivo do 40 ANIVERSARIO da Coral, e acórdase enviar ós socios unha circular informando de todo ó programado.

25 xaneiro: Silleda. Asemblea Xeral Ordinaria de FE CO GA (Federación Coral Galega) que se celebra en Silleda, na Casa da Cultura. Participan varios membros da Xunta Directiva.

5 febreiro: Betanzos. Igrexa de Santiago. A Coral participa no Funeral polo artista local, Eduardo Muñoz Vales, un gran colaborador da Coral.

28 febreiro: Betanzos. Local Social da Coral. Os Compoñentes da Coral e familiares reúnen para celebrar a Festa do Entroido: Concurso de disfraces, música, baile e gastronomía típica.

A Coral cumpre 40 anos: 3 marzo 1969 // 3 marzo 2009.

3 marzo: Betanzos. Local Social da Coral: Os Compoñentes da Coral e familiares reúnen para conmemorar o 40 aniversario. Realízase un breve Concerto Conmemorativo, interpretando as cancións que se cantaron no primeiro Concerto da Coral o 28 de marzo de 1969, no que foi o Teatro-Cine Capitol de Betanzos, con motivo do primeiro Pregón de Semana Santa: O Salutaris, Pópule meus, Stabat Máter e Resucitó. Resultou un momento moi alegre e agradable, cheo de moitos e bos recordos.

Cada compoñente da Coral, foi obsequiado cun recordo conmemorativo, unha figura de Sargadelos, «Homaxe» a Betanzos, con inscrición persoal.

7 marzo: Betanzos. Igrexa de San Francisco: ENCONTRO MUSICAL DE CORAIS.

CONCERTO CONMEMORATIVO DO 40 ANIVERSARIO DA CORAL DE BETANZOS. Participan: Coral Polifónica e Rondalla «O

CASTRO» de Miño, Coral Polifónica da Sociedade R. C. D. de Sada, Coral Polifónica «EUMESA» de Pontedeume, Coral Polifónica de Betanzos e actuación conxunta das catro Corais interpretando catro cancións polifónicas. Catro cidades unidas xeograficamente e irmadas con, desde, para e por á música.

Asistiron as autoridades locais, presididas pola Sra. Alcaldesa e ó Delegado de Cultura, e numeroso público, de Betanzos e arredores. Ó finalizar ó Concerto, ás Corais participantes foron obsequiadas con un recordo conmemorativo do acto, unha figura de Cerámica Sargadelos, «Homaxe» a Betanzos.

14 marzo: Betanzos. Sala de Exposicións do Edificio Liceo. Exposición «40 AÑOS DE HISTORIA: Recordos, obsequios, distincións, homenaxes...», recibidos pola Coral nas máis de dúas mil actuacións realizadas durante estes corenta anos de existencia.

A inauguración foi presidida pola Sra. Alcaldesa, ó Delegado de Cultura e varios Concelleiros, a Presidenta, Xunta Directiva, compoñentes da Coral, numerosos socios e simpatizantes.

A Exposición estivo aberta ata ó 29 de marzo e foi visitada por numeroso público.

27 marzo: Betanzos. Aula de Cultura LICEO. Teatro. O Grupo «Teatro da Lagoa» (Alumnos do IES de Viós, Abegondo), representaron a obra: «Comedia Bífeda». Ó remate do acto entregóuselle ó Grupo un recordo conmemorativo do acto, unha figura de Cerámica Sargadelos «Homaxe» a Betanzos. E o IES de Viós obsequiou á Coral cun cadro pintado por un alumno do Centro, alusivo ó 40 aniversario da Coral.

4 abril: Betanzos. Igrexa de Santo Domingo: Pregón de Semana Santa. Pronunciado polo crego betanceiro, D. Casimiro Fernández Núñez, Licenciado en Dereito Canónico e párroco de San Xulián de Mugaros. Ó finalizar ó Pregón, a Presidenta da Coral fíxolle entrega o Pregoeiro, dun recordo conmemorativo do acto, unha figura de Cerámica Sargadelos, «Homaxe» a Betanzos. A continuación, á Coral Polifónica de Betanzos ofreceu un Concerto de Música Sacra.

18 abril: Pontevedra. Real Basílica de Santa María, La Mayor. Encontro Mariano. Visita de numerosos betanceiros coa Imaxe da Virxe dos Remedios de Betanzos, á Real Basílica de Santa María La Mayor de Pontevedra, co gallo do Ano Xubilar no Milenio da Basílica. Realizouse unha Procesión desde a Capela de San Roque ata a Basílica. Recibemento na Praza de Santa María

polas autoridades civís e eclesiásticas de Pontevedra e Betanzos; entrada da Imaxe da Virxe dos Remedios na Basílica, e Celebración da Misa Xubilar, que foi cantada pola Coral Polifónica de Betanzos.

Ó finalizar a Misa, a Coral de Betanzos ofreceu un breve Concerto de Cancións Marianas.

Asistiron numerosas persoas de Betanzos e de Pontevedra.

Antes da despedida, realizouse a elevación dun pequeno globo de papel, recordando o monumental Globo de San Roque de Betanzos.

24 abril: Betanzos. Centro Pai Menni. Colexio de Educación Especial «Nosa Señora do Sagrado Corazón», das Irmás Hospitalarias. Misa Solemne cantada pola Coral de Betanzos, co gallo da Festa de San Benito Menni, Fundador das Hospitalarias.

27 abril: Betanzos. Local Social da Coral. Reunión da Xunta Directiva.

Faise balance das actividades realizadas no primeiro trimestre, que se considera moi positivo, e prográmanse as actividades para os meses de maio e xuño.

30 abril o 3 maio: Extremadura. Viaxe Cultural visitando, con guías especializados, Plasencia, Trujillo, Monasterio de Guadalupe, Mérida, Cáceres, Candelario, Salamanca...

- Sábado, 2 maio: Mérida. Os Compoñentes da Coral que participaron nesta viaxe, realizaron unha breve actuación de cancións polifónicas galegas no Teatro Romano de Mérida, e foron moi aplaudidos polo numeroso público que se encontraba, nese momento, dentro do recinto do Teatro.

- Domingo, 3 maio. Béjar (Salamanca). Santuario de Nuestra Señora del Castañar.

Misa dominical, que foi cantada polos Compoñentes da Coral, que participaban nesta viaxe.

10 maio: Aranga. Igrexa Parroquial. Misa Solemne cantada pola Coral, co gallo da festa patronal da Santa Cruz. Esta actuación realízase en convenio coa Deputación de A Coruña e o Concello de Aranga.

14 maio: Coruña. Palacio da Ópera: Sala de Cámara. Día mundial do Parkinson. Festival de homenaxe ós socios da Asociación Parkinson Galicia de A Coruña. Participan a Coral Polifónica de Betanzos, a Banda de Música do Colexio Liceo «La Paz» de A Coruña, e o Coro da Asociación Parkinson Galicia, que cantaron conxuntamente coa Banda de Música Liceo La Paz e á Coral de Betanzos.

16 maio: Ourense. XXVI Asemblea Xeral Ordinaria da Federación Galega de Círculos e Casinos Culturais, no Liceo de Ourense.

16 maio: Coruña. Igrexa de San Nicolás. Misa cantada pola Coral de Betanzos co gallo dunha voda.

16 maio: Betanzos. Aula de Cultura LICEO. A Coral de Betanzos realiza un Concerto de Polifonía Galega, dentro dos actos do «Día das Letras Galegas», dedicado a Ramón Piñeiro López (1915 – 1990)

17 maio: Valdoviño. Auditorio Municipal. «Día das Letras Galegas». Concerto da Coral de Betanzos e ó Coro «Cántigas da Terra» de A Coruña, organizado pola A. C. R. A Frouxeira.

Ó finalizar á actuación, entregóuselles á Coral de Betanzos e ó Coro «Cántigas da Terra», un recordo conmemorativo deste acto. Esta actuación da Coral realízase en intercambio coa Coral «Lembranzas» de Valdoviño, dentro do Programa «Mostra de Coráis» que patrocina á «Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural» da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia e a colaboración de FE CO GA.

31 maio: Vigo. XV Romaría da Federación Galega de Círculos e Casinos Culturais. Recepción nas dependencias do Círculo Mercantil de Vigo, ós representantes das Sociedades Galegas da Federación, que foron recibidos polo Sr. Alcalde de Vigo e outras autoridades.

Misa dominical e Ofrenda ó Cristo da Victoria, na Colexiata de Vigo. A Misa foi celebrada por D. Manuel López Castro, Director da Coral de Betanzos, e cantada pola Coral Casablanca de Vigo.

Almorzo nas instalacións da Cidade Deportiva do Círculo Mercantil de Vigo, e actuación do Grupo BIOUSTEIRO, Música Tradicional Galega.

8 xuño: Betanzos. Local Social da Coral. Reunión da Xunta Directiva para facer un seguimento das actividades realizadas e facer a programación para o próximo trimestre.

11 xuño: Betanzos. Centro «Pai Menni». Colexio de Educación Especial «Nosa Señora do Sagrado Corazón», das Irmás Hospitalarias. Misa Solemne cantada pola Coral, co gallo da Inauguración e Bendición do Centro «Pai Menni», para nenas e nenos diminuídos físicos e psíquicos.

A Misa e a Bendición do Centro foi presidida polo Arcebispo de Santiago, e o acto estivo presidido por autoridades da Xunta de Galicia,

Deputación de A Coruña e do Concello de Betanzos.

27 xuño: Betanzos. Igrexa de Santa María do Azogue. Misa cantada pola Coral, co gallo dunha voda.

28 xuño: Silleda. Casa da Cultura: Asemblea Xeral Extraordinaria de FE. CO. GA.

Modificación de varios artigos dos Estatutos da Federación Coral Galega (FE CO GA)

4 e 5 xullo: Asturias. Viaxe Cultural visitando, con guías especializados: Luanco, Villaviciosa, Bodegas «El Gaitero», Gijón, Oviedo, e o Museo da Prehistoria, en Teverga.

- Sábado, 4 xullo: Villaviciosa. Os Compoñentes da Coral que participan nesta viaxe, realizan unha breve actuación de Cancións Galegas, durante a visita guiada ás instalacións de Bodegas «El Gaitero».

- Domingo, 5 xullo: Ponferrada (León). Igrexa de San Pedro de Villa Martín de la Abadía.

Misa dominical, cantada polos Compoñentes da Coral que participan nesta viaxe.

16 xullo: Betanzos. Local Social da Coral. Reunión da Xunta Directiva da Coral.

Fíxose un seguimento das actuacións e actividades realizadas e programáronse as actuacións e novos actos a realizar en agosto e setembro.

17 xullo: Betanzos. Igrexa de Santiago. Misa cantada pola Coral, co gallo das Vodas de Ouro dun matrimonio, que son socios da Coral desde a fundación.

19 xullo: Betanzos. Reunión de convivencia e agradecemento dos Componentes da Coral.

A Coral, no seu 40 aniversario, invita ós Compoñentes e familiares, como recoñecemento e agradecemento ó interese, sacrificio e entrega dos Compoñentes que, semana tras semana, acoden ós ensaios e ás actuacións, o que permite que a Coral siga cumprindo anos, disfrutando e facendo disfrutar coa música.

25 xullo: Arteixo. Igrexa Parroquial de Santiago (nova). Misa Solemne cantada pola Coral, co gallo das Festas Patronais.

Esta actuación realízase en convenio coa Deputación de A Coruña, e o Concello de Arteixo.

29 xullo: Betanzos. Residencia de Anciáns. Misa Solemne, cantada pola Coral, co gallo da Festa de Santa Marta, Patroa da hospitalidade.

2 agosto: Betanzos. Xira Fluvial a «Os Caneiros», para Compoñentes, Socios, acompañantes e simpatizantes. Festa de alegría

e bo humor, con música, baile, concursos, sorteo de regalos, gastronomía típica, queimada...

7 agosto: Betanzos. Local Social da Coral. Reunión dos Compoñentes da Coral cos familiares, para celebrar a festa do pemento.

8 agosto: Vigo. Auditorio do Parque de Castrelos. Romaría Coral de FE CO GA.

Participación de Orfeóns formados por varias Corais, e interpretación de varios temas de tódalas Corais participantes coa Banda Municipal de Música. Merenda-cea para tódolos participantes.

13 agosto: Betanzos. Igrexa de San Francisco. Concerto «Ciudade de Betanzos», co gallo do comenzo das Festas Patronais. Participan as tres Entidades Musicais de Betanzos: Agrupación Musical «Carlos Seijo», Banda Municipal de Música e á Coral Polifónica, con actuacións individuais de cada Entidade, e actuación conxunta da Banda de Música e a Coral.

O acto foi presidido pola Sra. Alcaldesa e membros da Corporación Municipal. Asistiu numeroso público.

15 agosto: Betanzos. Festas Patronais. Igrexa de Santa María do Azogue. Misa Solemne cantada pola Coral, na celebración da Festividade da Asunción da Virxe María, Co-Patroa da Ciudade de Betanzos.

16 agosto: Betanzos. Festas Patronais. Igrexa de Santo Domingo. Festividade de San Roque, Patrón da Ciudade de Betanzos, e Función do Voto. Misa Solemne cantada pola Coral.

31 agosto: Betanzos. Local Social da Coral. Reunión da Xunta Directiva para valorar as actividades realizadas e programar ás de setembro e outono, de maneira especial, ós actos do 41 Festival Santa Cecilia.

7 setembro: Betanzos. Igrexa de Nuestra Señora del Camino.

Misa cantada pola Coral na celebración do último día da Novena en honor á Virxe dos Remedios.

13 setembro: Muros – Costa da morte. Viaxe cultural por Muros, Carnota e o seu famoso Hótreo, Fisterra e ó Faro, Muxía e ó Santuario da Virxe da Barca, Camariñas e ó Faro de cabo Vilán.

Os Compoñentes da Coral que participan nesta viaxe, cantan a Misa dominical que se celebrou no Santuario de Nosa Señora da Barca, en Muxía, presidida por D. Manuel López Castro.

1 outono. Publícanse as bases do 36 Concurso Literario Xuvenil, e son enviadas a Colexios, Institutos e Asociacións Culturais Xuvenís da

Provincia de A Coruña, e ós medios de comunicación.

10 e 11 outono: Matamá, Vigo. Auditorio da Sociedade C. D. Atlántida de Matamá.

«XX Festival Coral de Outono». Participan: O día 10, a Coral de Betanzos. O finalizar a actuación, á Coral de Betanzos foi obsequiada cun recordo conmemorativo do acto.

E o día 11, participaron á Coral Agrupación Musical do Rosal, o Orfeón Trives (Ourense) e a Coral Atlántida de Matamá.

Esta actuación realizouse en intercambio da Coral de Betanzos coa Coral Atlántida de Matamá.

12 outono: Betanzos. Igrexa de Santo Domingo. Festividade de Nosa Señora a Virxe do Pilar, Patroa da Garda Civil. Misa Solemne cantada pola Coral de Betanzos.

Ó finalizar a Misa, a Garda Civil de Betanzos obsequiou á Coral cun recordo, símbolo da Garda Civil, como recoñecemento e agradecemento á Coral pola súa colaboración.

Do 13 o 29 de novembro: XLI FESTIVAL SANTA CECILIA

- Día 14: Local Social da Coral: Presentación do Programa dos Actos do 41 Festival Santa Cecilia. E Festa Tradicional do Magosto para Compoñentes, Socios e acompañantes.

- Día 15: Aula de Cultura LICEO: RECITAL DE MÚSICA E BAILE GALEGOS:

Coro CÁNTIGAS DA TERRA de A Coruña. Ó finalizar ó recital, entregóuselle ó Coro, un recordo conmemorativo da actuación, a figura «Homaxe» a Betanzos de Cerámica Sargadelos.

- Día 16: Sala de Exposicións do Edificio LICEO: Inauguración da EXPOSICIÓN «LOS CAMINOS DE SANTIAGO».

Acuarelas do Artista galego Segundo Hevia, pertencentes á colección CAIXA GALICIA. Nesta inauguración estivo presente o autor das acuarelas, o artista Segundo Hevia, que recibiu como recordo, unha figura de Sargadelos, «Homaxe» a Betanzos, e estivo presidida por membros da Corporación Municipal, a Presidenta, Xunta Directiva e Compoñentes da Coral, e asistiron numerosos Socios.

A Exposición estivo aberta ata o día 29, e foi visitada por numeroso público.

- Día 17: Aula de Cultura LICEO: TEATRO: Representación da obra: O TESTAMENTO DO TIO

LELÉ, polo Grupo de Teatro LUZADA. Ó final da representación, o Grupo recibiu, como

recordo do acto, unha figura «Homaxe» a Betanzos de Cerámica Sargadelos.

- Día 18: Edificio LICEO, SALÓN AZUL: CINE: Proxección da Película MAMMA MIA.

- Día 19: Aula de Cultura LICEO: RECITAL POÉTICO MUSICAL:

«NO DESMAIO DO TEU BICO...» Por Santiago Fernández, actor e Manu Clavijo, música.

Ó finalizar ó recital, recibiron un recordo conmemorativo do acto, o «Homaxe» a Betanzos, de Cerámica Sargadelos.

- Día 20: Igrexa de San Francisco. CONCERTO: Banda de Música Liceo «LA PAZ» de A Coruña e actuación conxunta coa CORAL POLIFÓNICA DE BETANZOS.

A Banda, o finalizar ó Concerto, recibiu como recordo desta actuación, a figura «Homaxe» a Betanzos, de Cerámica Sargadelos.

Esta actuación foi realizada en convenio coa Deputación de A Coruña e a colaboración da Asociación das Amas de Casa de Betanzos.

- Día 21: Igrexa de San Francisco. CONCERTO SINFÓNICO: REAL BANDA DE GAITAS da Escola de Gaitas da Deputación de Ourense e actuación conxunta coa CORAL DE BETANZOS.

Ó remate do Concerto, a Coral de Betanzos obsequiou á Real Banda de Gaitas, como recordo, cunha figura de Cerámica Sargadelos, «Homaxe» a Betanzos, e o Director da Real Banda de Gaitas fíxolle entrega á Coral de Betanzos e ó seu Director de varios CDs co repertorio da Real Banda.

Esta actuación foi patrocinada pola FUNDACIÓN CAIXA GALICIA e a colaboración do Concello de Betanzos.

- Día 22: Festividade de Santa Cecilia, Patroa da Música. Igrexa de Santiago de Betanzos:

MISA SOLEMNE, cantada pola Coral e aplicada por Compoñentes, Socios e colaboradores da Coral de Betanzos falecidos.

- Día 22: HOMENAXE Á CONSTANCIA. Reunión de convivencia dos Compoñentes da Coral para

á entrega dunha INSIGNIA DE OURO ós Compoñentes que levan 15 anos de permanencia na Coral, e dunha INSIGNIA DE PRATA ós que levan 5 anos.

- Día 23: Aula de Cultura LICEO: Acto Inaugural do «II FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE

DOCUMENTAL» das Mariñas, «XÓM», Xanela ao mundo:

-Presentación do Festival.

-Actuación Musical: Grupo «Funk Fusión Experimental», de Álvaro Muras.

-Proxección de dous documentais: a) Os Remedios, b) Quiero ser una gacela.

- Día 26: Aula de Cultura LICEO: Recital de «MÚSICA DE SEMPRE», polo Grupo MACHUCAMBOS DEL EUME. Ó final da actuación ó grupo foi obsequiado cunha figura de Sargadelos, «Homaxe» a Betanzos, como recordo da súa actuación.

- DÍA 27: Aula de Cultura LICEO. CONCERTO DE MÚSICA DE CÁMARA, polo GRUPO DE METALES SANTA CECILIA «Ciudade de Ferrol».

Ó Grupo recibiu unha figura de Sargadelos, «Homaxe» a Betanzos, como recordo da actuación.

